

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS

**Benaventurados os pobres e os famentos.
Ai dos ricos e saciados!**

1. VER: Eu quero ser feliz.

-Se nos preguntamos que buscamos na vida seguro que contestamos que queremos ser felices, estar contentos, alegres... A alegría é un estado de bo ánimo ante as situacións e acontecementos. A alegría é moi contaxiosa: se temos amigos estaremos a gusto, estaremos contentos. Se os nosos pais están alegres, nós estaremos tranquilos e seguros.

Cando te puxeches contento e por que? Que che fai feliz?

2. XULGAR: Xesús ensínanos a ser felices.

-No evanxeo de hoxe, Xesús llama “*benaventurados*”, felices, os que viven en “*pobreza*”, “*fame*” ou calquera outra forma de sufrimento. Logo fai unha advertencia seria, que teñan moito coidado os “*ricos*”, os que “*están saciados*”, os que “*rin*” e se todos “*falan ben deles*”.

QUE NOS QUERE DICIR?

-“*Benaventurados*” significa afortunados, felices, alegres...

- **Como ser felices?** Para Xesús felices, sorprendentemente, son os pobres, aqueles que aínda pasándoo mal confían en Deus, saben que o mal pasará e que Deus vainos axudar a pasar o mal grolo.

-“*Bendito quen confía no Señor*” (Xeremías) e “*Ditoso o home que puxo a súa confianza no Señor*” (Salmo 1). “**CONFÍA EN DEUS**”, é o que che fará feliz, malia os problemas. **Se el é de verdade o noso amigo**, non importa o que nos pase, seremos felices igual porque el nos axudará, nos sosteirá, e xa nunca nos sentiremos sos senón acompañados por el.

-**Pero hai persoas que se equivocan:** Xesús advirte os que buscan a felicidade nas riquezas, en ter cousas... Son os ricos que se senten autosuficientes e non necesitados de Deus encerrándose no seu egoísmo, no poder... Terán todo menos amigos pois non se é feliz só con ter. **¡Ai dos ricos e saciados!**

Hai máis xente alegre o triste?

Sénteste acompañado por Xesús?

3. ACTUAR: Confía en Xesús.

- Dialogamos sobre o camiño de Xesús para ser felices e facer felices aos demais. Preguntámonos se é fácil ou difícil, se é o camiño que seguen os que vemos na tele ou nas redes... Vemos que cousas nos atan e non somos capaces de compartir ou deixar.

-Dous nenos con mochilas reparten uns pergamiños que son o segredo para unha vida feliz: “Confía en Deus”. Repártenllos aos nenos para que llos entreguen aos seus pais, avós ou amigos....

En que poderías mellorar? Que imos facer?

LECTURAS

XEREMÍAS 17,5-8: *Maldito quen confía no home; bendito quen confía no Señor.*

Isto di o Señor: «Maldito quen confía no home, e busca o apoio das criaturas, apartando o seu corazón do Señor.

Será como cardo na estepa, que nunca recibe a choiva; habitará nun árido deserto, terra salobre e inhóspita.

Bendito quen confía no Señor e pon no Señor a súa confianza.
Será unha árbore plantada xunto á auga, que alarga á corrente as súas raíces;

non teme a chegada do estío, a súa follaxe sempre está verde; en ano de seca non se inquieta, nin deixará por iso de dar froito».

Palabra do Señor.

SALMO 1:

R/. Ditoso o home que puxo a súa confianza no Señor.

1 CORINTIOS 15, 12. 16-20:

Se Cristo non resucitou, a vosa fe non ten sentido.

LUCAS 6, 17. 20-26: Benaventurados os pobres. Ai de vós, os ricos.

Narrador: Naquel tempo, Xesús baixou do monte cos Doce, parouse nunha chaira cun grupo grande de discípulos e un gran xentío do pobo, procedente de toda Xudea, de Xerusalén e da costa de Tiro e de Sidón.

El, levantando os ollos cara aos seus discípulos, dicíalles:

Xesús: -«*Benaventurados os pobres, porque voso é o reino de Deus.*

Benaventurados os que agora tendes fame, porque quedaredes saciados.

Benaventurados os que agora chorades, porque riredes.

Benaventurados vós cando vos odien os homes, e vos exclúan, e insúltenvos e proscriban o voso nome como infame, por causa do Fillo do home.

Alegrádevos ese día e saltade de gozo, porque a vosa recompensa será grande no ceo. Iso é o que facían os vosos pais cos profetas.

Pero, ai de vós, os ricos, porque xa recibistes o voso consolo! Ai de vós, os que estades saciados, porque teredes fame! Ai dos que agora rides, porque faredes duelo e choraredes! Ai si todo o mundo fala ben de vós! Iso é o que os vosos pais facían cos falsos profetas».

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús)